



CONCELLO DE PONTE CALDELAS

RESOLUCION Nº 307/2016



SELECCIÓN DE UN SOCORRISTA PARA O SERVIZO “VIXIANCIA NA PRAIA FLUVIAL DE A CALZADA”

Visto o proceso selectivo que se está a levar a cabo no Concello de Ponte Caldelas para a contratación de tres socorristas, en réxime temporal, e de conformidade co Programa de fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración das entidades locais para a contratación de traballadores desempregados (regulado pola Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria; e conforme as bases de selección de data 2 de xuño de 2016 e as modificacións das citadas bases, de data 13/06/16, de 22/06/16 e de 29/06/16..

Vista a resolución nº305, de data 29/06/16, de selección do socorrista José María Soliño Pérez.

Visto o novo listado, consecuencia da ampliación da oferta, de data 29/06/16

Visto que, dada a insuficiencia de tempo, os candidatos do citado listado comunicaron que non se presentaban ao proceso selectivo por iniciar un contrato de traballo en xullo.

Vista a carta da oficina de emprego Pontevedra-Bisbarra, presentada polo candidato José Alberto Durán Cortegoso, en data 30/06/16, que lle facilitaba entrar de novo no proceso selectivo. Visto que rerealizou o exame e a proba práctica.

Visto o informe da asesora externa, D^a. Andrea Pérez de Sousa, voluntaria de protección civil de Vilaboa, de data 30 de xuño do presente ano.

Vista a Acta Tribunal Cualificador de data 30 de xuño de 2016, en virtude das puntuacións acadadas polos aspirantes das que se fai publicidade segundo a seguinte:

APELIDOS E NOME	FORMACION PROFESIONAL Max 2 puntos	EXPERIENCIA Max 3 puntos	EXAME(1) Max 5pts	PROBA PRÁCTICA Max 7 pts	PUNTUACION FINAL
Durán Cortegoso, José Alberto	0,3	0,62	3	7pts	10,92 €

Dado que o número de socorristas seleccionados e menor que a oferta de emprego realizada polo Concello de Ponte Caldelas, considérase necesaria unha ampliación de oferta.

Vistas as miñas competencias segundo o establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/85.

RESOLVO:

Primeiro.- Seleccionar a José Alberto Durán Cortegoso para a praza de socorrista para a realización do servizo “Vixiancia Na Praia Fluvial de A Calzada”, quedando o servizo composto polos socorristas:

- Soliño Vázquez, José María
- Durán Cortegoso, José Alberto

Non existindo suplentes neste proceso

Segundo.- O nomeamento dos anteriormente mencionados nos seus postos, e a formalización dos correspondentes contratos de traballo de dous meses(xullo e agosto); coas formalidades e requisitos esixidos pola normativa aplicable.

Cuarto.- Ampliar a oferta de emprego ante a oficina de emprego Pontevedra-Bisbarra a efectos de cubrir os tres postos de socorristas ofertados.

Terceiro.- Notifíquese a presente resolución na forma prevista nas bases de selección de 2 de xuño de 2016.

Pontevedra, 30 de xuño de 2016
O Alcalde,

Asdo.º Andrés Díaz Sobral

Vº A secretaria Accidental,

Asdo.: Iria Fernández Peón